


00:01

**Florencio Delgado Gurriarán**
OS_PRIMEIROS_ANOS@FDG Primeira comunión,
ca. 1911

Florencio Delgado Gurriarán naceu no mes de agosto de 1903 en Córrego, unha aldea de Vilamartín de Valdeorras. Foi o derradeiro tras cinco irmáns e veu ao mundo nunha familia de clase media. Nunha época na que a poboación en idade escolar con acceso á educación non chegaba ao 40 %, Florencio foi un privilexiado, ao poder estudar. Ademais, na ampla biblioteca familiar non faltaban as obras de autores galegos, que espertarían moi cedo a súa vocación poética.

As primeiras letras aprendeunas na pequena escola da aldea e con mestres particulares, ata que, con seis anos, a familia ten que trasladarse a Ourense, onde cursa primaria. O bacharelato farao en Palencia, o seguinte destino laboral do pai, e en Valladolid. Alí, de 1920 a 1924, estuda a carreira de Dereito.

Malia que o traballo paterno no Ministerio de Fomento levou a familia Delgado Gurriarán a vivir en distintas cidades ao longo da infancia e adolescencia do poeta, a volta a Córrego cada verán permitiulle crear o forte vínculo coa terra, a cultura e a lingua galegas que o acompañará sempre.

ValdeorrasMiña noiva,
miña terra:Á beira do Sil deitada,
para ollar a túa beleza
do mesmo xeito que a "Venus
do espello", nel se contempla.**Cantarenas**XUNTA
DE GALICIA